



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, AUGAS DE GALICIA E A ASOCIACIÓN ENXEÑERÍA SEN FRONTEIRAS GALICIA PARA O PROXECTO "FORTALECIMENTO DE CAPACIDADES TÉCNICAS E OPERATIVAS PARA A MELLORA DA XESTIÓN DOS RECURSOS HÍDRICOS EN MOZAMBIQUE (AQUA-MOZ SECARA 5ª FASE)"

REUNIDOS

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomea conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra, José Antonio González Novoa, presidente da asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia con NIF G36774271, actuando en nome e representación desta, segundo o establecido no artigo 20 dos seus estatutos.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación e capacidade de representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia establece, no seu artigo 81, como obxectivos da política pública de cooperación para o desenvolvemento, promover a sustentabilidade da vida protexendo o planeta contra a degradación, fomentando un consumo, unha produción e unha xestión de recursos que promova a conservación da biodiversidade e a loita contra o cambio climático, así como fortalecer as capacidades das persoas, comunidades, organizacións e institucións para anticiparse e prever riscos, ameazas, acontecementos adversos ou desastres, sendo quen de recuperarse, adaptarse e prosperar despois da crise económica, política, social ou ambiental.

Así mesmo, no seu artigo 84.2 establece as modalidades da Cooperación Galega, sinalando no ámbito da cooperación exterior o investimento para o aumento do capital físico, humano, social e tecnolóxico, e o desenvolvemento sustentable e inclusivo dos sectores produtivos.





Segundo.- Doutro lado, o V Plan director da Cooperación Galega 2023-2026 establece como ámbito estratéxico o de promover o exercicio dos dereitos sociais básicos, entre os que se atopa o dereito á auga, polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables e, refírese ás prioridades xeográficas, entre as que se atopa Mozambique.

En consonancia co anterior, o Plan anual 2024 establece que se dea continuidade á colaboración con Augas de Galicia en materia de xestión de recursos hídricos en países do Sur como Mozambique. Desde o ano 2012, Cooperación Galega e Augas de Galicia apoian a xestión dos recursos hídricos en Mozambique con proxectos orientados ao fortalecemento institucional das administracións rexionais da auga. Este traballo permitiu desenvolver un profundo coñecemento da problemática da xestión hídrica en Mozambique e, á súa vez, ten colocado a Galicia como referencia na xestión dos recursos hídricos.

Terceiro.- A Xunta de Galicia, de acordo co exercicio das competencias e funcións mencionadas, vén executando proxectos e programas en países cun baixo índice de desenvolvemento humano por medio dos instrumentos de cooperación técnica e económica en colaboración con outros entes, públicos e privados, co criterio orientador de que as transferencias de coñecemento inducen á innovación e ao fortalecemento das capacidades técnicas nos países receptores, coaduvando desta forma no mellor desenvolvemento das súas competencias e funcións.

Dada a experiencia e capacidades que a Xunta de Galicia ten acumuladas no ámbito da xestión dos recursos hídricos, considérase que neste sector se pode aportar un maior valor engadido nas súas intervencións, tal e como se vén poñendo de manifesto en diversas rexións e países, particularmente en Mozambique, onde existe un importante traballo de acompañamento e apoio coordinado coas administracións e institucións con competencia en materia de xestión de recursos hídricos, ao que se espera dar continuidade nos vindeiros anos.

Cuarto.- A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, órgano superior da Administración autonómica da cooperación ao desenvolvemento, consonte o establecido no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, considera axeitado e conveniente contribuír ao fortalecemento desa organización, en canto organismo de referencia da cooperación galega, non só para os axentes implicados, considera axeitado e conveniente contribuír á mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique como medio para loitar contra os efectos extremos derivados do cambio climático.

Quinto.- A entidade pública empresarial Augas de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático en virtude do Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, é a entidade a través da cal a Xunta de Galicia aplica e garante os principios que rexen a xestión pública da auga e o ente público que se constitúe no instrumento central da política de auga en Galicia.





En materia de cooperación para o desenvolvemento, corresponde a Augas de Galicia a realización de programas, proxectos e accións de cooperación en materia de augas acordos coa Estratexia galega de acción exterior, de acordo co artigo 11.10 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia.

Sexto.- Enxeñería Sen Fronteiras Galicia é unha asociación sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento, sección A, número 29 e que ten como finalidade, segundo se recolle no seus estatutos, a consecución dunha sociedade mundial xusta e solidaria, facilitando o desenvolvemento das comunidades máis desfavorecidas da poboación nun marco de xustiza social e respecto ás costumes e culturas na área de actuación. Para isto, establecen liñas de acción que inclúen proxectos de cooperación para o desenvolvemento, incidencia, sensibilización, investigación e educación para o desenvolvemento.

Con respecto ao presente proxecto, Enxeñería Sen Fronteiras Galicia aporta un perfil técnico relacionado coa xestión de recursos hídricos e capacidade de sensibilización e acercamento á cidadanía, tanto en Galicia como en Mozambique. Enxeñería Sen Fronteiras Galicia asumirá o rol de socio líder para potenciar o fortalecemento das relacións entre a administración da auga e a sociedade civil. Inicialmente, centrarase en accións de sensibilización que lle permitan enfocar e coñecer a fondo a problemática da xestión da seca en Mozambique, co fin de sentar as bases para contribuír, máis adiante e dun modo sólido, ao mencionado fortalecemento das relacións entre a administración da auga e a sociedade civil.

Sétimo.- A xestión dos recursos hídricos e o fortalecemento das administracións responsables é unha prioridade en Mozambique. O desenvolvemento de actividades que vinculen melloras técnicas e procesos de xestión nun mesmo plano de acción identificouse como unha formulación de éxito na Cooperación Galega coa administración da auga de Mozambique.

O presente proxecto Aqua-Moz, Secara 5ª Fase é continuidade das anteriores accións desenvolvidas no marco dos convenios asinados o 6 de agosto de 2019, o 15 de marzo de 2021, o 13 de marzo do 2022, e o 19 de abril de 2023 no marco da xestión da seca en Mozambique. O proxecto pretende contribuír, no marco da loita e prevención contra os efectos do cambio climático, á mitigación dos impactos dos eventos de seca en Mozambique, fortalecendo á Administración Rexional de Augas do Sur, á Administración Rexional de Augas do Norte e á Administración Rexional de Augas do Centro.

No ano 2019 durante a primeira fase de execución do proxecto identificouse e comezouse a desenvolver a liña de acción centrada na seca, coa que traballouse no desenvolvemento e implementación dun sistema de monitoreo da seca na conca dos ríos Umbeluzi e Incomati; definíronse os procedementos xerais de xestión e do funcionamento interno da ARA Sur en relación á xestión da seca; e mellorouse o monitoreo do estado dos embalses. Este traballo continuouse na segunda fase na que as accións se centraron na ampliación das concas monitoreadas e na mellora dos procedementos de xestión.





Na terceira fase incluíuse como socio líder á asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia. Nas dúas primeiras edicións o deseño e implementación técnica fíxose baixo o liderado da UdC /FUAC, que nesta terceira edición unicamente tivo presenza como entidade colaboradora, a través do Grupo de Enxeñería da Auga e Medio Ambiente (GEAMA) pertencente a esa universidade.

Na cuarta fase, consolídase o papel de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia e incorpórase ao traballo en terreo ao ARA Centro, ampliando así o alcance da intervención.

Nesta quinta fase, consolídase o papel de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia como socio líder, e traballarase coas ARAs Sur, Norte e Centro, dando continuidade ás principais liñas de acción da fase anterior, e incorporando novas actuacións como a realización de estudos de inundacións ou a implementación das análises de precipitacións de modo continuado nas épocas seca e húmida das tres ARAs.

Oitavo.- As actividades obxecto do proxecto son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral, e a súa singularidade, especificidade e necesidade de coordinación entre as entidades asinantes, xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio da formalización dun convenio de colaboración.

Por todo o anterior, as partes acordan asinar o presente documento que se desenvolverá de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Augas de Galicia e a asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia no proxecto denominado "Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (AQUA-MOZ SECARA 5ª FASE)", segundo o establecido no anexo que se xunta ao presente convenio.

O proxecto ten como obxectivo xeral o de contribuír á prevención e mitigación dos impactos do cambio climático en Mozambique en relación aos impactos derivados de eventos hidrolóxicos extremos, a través do fortalecemento das capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos con enfoque de conca en Mozambique, con énfase nos eventos extremos.

SEGUNDA.- Obrigas de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia

A asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia deberá:

- Executar o proxecto referido na cláusula primeira.





- Aportar os recursos humanos e/ou materiais necesarios para a correcta execución do convenio, para o cal poderase recorrer tanto a recursos propios como a terceiras fontes ou a diversos patrocinadores externos. Neste último caso, deberase comunicar previamente á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, quen terá que autorizala. Para esta autorización deberase enviar o compromiso da entidade colaboradora en relación á dita aportación.
- Destinar os fondos percibidos para financiar esa actuación.
- Consentir expresamente a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, na páxina web oficial e nos rexistros públicos, consonte co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, ao cumprimento de todas as condicións e obrigas recollidas neste convenio e ao sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas nel, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións, de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións públicas de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.
- Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas.
- Conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de 4 anos, coa excepción dos casos suficientemente xustificadas e autorizados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.
- Xustificar, mediante declaración asinada, previamente ao cobro de calquera dos pagamentos da subvención, estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. A entidade, conforme co establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autoriza ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban remitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.
- Velar porque tanto os restantes partícipes como a cidadanía con ela relacionada teñan coñecemento do financiamento desembolsado pola Xunta de Galicia e do apoio desta á acción.
- Solicitar autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto, entendendo por tal aquela que afecte a aspectos cualitativos dos seus obxectivos, resultados ou poboación destinataria, así como ao lugar ou prazo de execución ou xustificación do proxecto. As solicitudes de modificacións substanciais do convenio deberán estar suficientemente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.



**TERCEIRA.- Financiamento**

O custo das actuacións que financia este convenio ascenderá a un importe total de trescentos trinta e dous mil cincocentos setenta e oito euros (332.578,00 €) que serán aportados coa seguinte desagregación:

Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes			Augas de Galicia		
2024	2025	2026	2024	2025	2026
26.000,00	50.000,00	50.000,00	56.578,00	75.000,00	75.000,00
126.000,00			206.578,00		

- A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes aportará con cargo á partida 35.07.331A.490.0 a contía máxima de cento vinte e seis mil euros (126.000,00 €), distribuídos nas anualidades 2024, 2025 e 2026 segundo o establecido no cadro anterior.
- Para financiar a súa achega Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 6519 "subvencións correntes ao Exterior" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. Augas de Galicia, aboará a súa achega á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes do seguinte xeito:

- A cantidade correspondente a anualidade 2024, a aboará no prazo máximo dun mes dende a formalización do convenio.
- A cantidade correspondente a anualidade 2025, a aboará no primeiro trimestre do exercicio, previa solicitude da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- A cantidade correspondente a anualidade 2026, a aboará no primeiro trimestre do exercicio, previa solicitude da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Aos efectos de xustificación perante Augas de Galicia dos fondos aportados, e trala correcta xustificación anual por Enxeñería Sen Fronteiras Galicia do emprego dos fondos percibidos e verificada a súa pertinencia pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, esta emitirá unha certificación de idoneidade do gasto, que será remitida a Augas de Galicia, para a súa constancia a efectos de gasto realizado e pagado por Enxeñería Sen Fronteiras Galicia.

Enxeñería Sen Fronteiras Galicia poderá recorrer a terceiras fontes ou a diversos patrocinadores externos, previa consulta á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pero en calquera caso todo incremento nos custos de execución será a risco e ventura de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia, quen asumirá os custos asociados aos proxectos derivados da supervisión técnica, para dar fiel cumprimento aos obxectivos do proxecto.

CUARTA.- Pagamentos e anticipos



Trala sinatura do presente convenio, previa petición de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e, unha vez tramitada a xeración e crédito procedente de Augas de Galicia no estado de gastos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, concederáse un anticipo pola contía máxima da anualidade 2024, de acordo co previsto no artigo 94.3 a) da Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia para afrontar os pagos inmediatos na execución deste proxecto.

Coa solicitude do anticipo deberá presentar:

- Declaración asinada dixitalmente polo representante legal de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Xustificación, a través de declaración asinada dixitalmente polo representante legal de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro de acordo co establecido no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O pago da subvención da anualidade 2025 efectuarase mediante pago anticipado, unha vez xustificada a anualidade anterior segundo o disposto na cláusula seguinte, previa petición de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia e unha vez tramitada a xeración e crédito procedente de Augas de Galicia no estado de gastos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Xunto a esta solicitude achegaranse nos mesmos termos tanto a declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin como a declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social mencionados arriba para o pagamento da primeira anualidade.

O pago da subvención da anualidade 2026 efectuarase mediante pago anticipado, unha vez xustificada a anualidade anterior segundo o disposto na cláusula seguinte, previa petición de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia e unha vez tramitada a xeración e crédito procedente de Augas de Galicia no estado de gastos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Xunto a esta solicitude achegaranse nos mesmos termos tanto a declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin como a declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social mencionados arriba para o pagamento da primeira anualidade.





Os fondos faranse chegar por transferencia bancaria á conta corrente que Enxeñería Sen Fronteiras Galicia indique mediante a presentación da certificación na que conste a súa titularidade, non asumindo a Xunta de Galicia os gastos bancarios que se derivasen desta actuación.

QUINTA. Xustificación dos pagamentos

Conforme co establecido no artigo 28.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a primeira anualidade xustificarse dentro do primeiro trimestre do ano seguinte, coa documentación que se sinala na cláusula seguinte. Así mesmo, a segunda anualidade xustificarse dentro do primeiro trimestre do ano 2026, coa documentación que se sinala na citada cláusula.

Para a xustificación da anualidade 2024 e 2025 **Enxeñería Sen Fronteiras Galicia** deberá presentar:

- Informe anual sobre as tarefas realizadas e os resultados obtidos, asinado dixitalmente.
- Certificación asinada dixitalmente polo representante legal de **Enxeñería Sen Fronteiras Galicia** do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, conforme co establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Certificación de gastos do proxecto por partidas orzamentarias e na que se indique as distintas fontes de financiamento, expedida polo órgano competente de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia.
- Certificación asinada dixitalmente polo representante legal de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia sobre os custos administrativos e de xestión.
- Relación de todos os gastos efectuados da actividade con identificación da data, número da factura ou do documento xustificativo, identificación do emisor das mesmas, descrición do gasto e, cando proceda, co seu importe en moeda local e o seu contravalor en euros e a data e forma de pago dos mesmos.
- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

A xustificación final efectuarase por parte de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia mediante a presentación da xustificación da execución das actividades subvencionadas, nun prazo máximo de tres meses, a contar dende a finalización das actividades programadas, de conformidade co artigo 94.3 d) da Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción





exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, e con data límite 31 de marzo de 2027.

A xustificación final da realización das actividades subvencionadas e da consecución dos obxectivos previstos realizarase de conformidade co establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007. Para isto Enxeñería Sen Fronteiras Galicia deberá presentar:

- Informe final sobre os obxectivos, as actividades realizadas e os resultados obtidos, asinado dixitalmente.
- Certificación asinada dixitalmente polo representante legal de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia acreditativa do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos á finalidade destinada.
- Certificación asinada dixitalmente polo representante legal de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia da totalidade dos gastos realizados e pagados na execución deste convenio, conforme co que establece o artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Certificación asinada dixitalmente polo representante legal de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia sobre os custos administrativos e de xestión.
- Declaración asinada dixitalmente polo representante legal de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Táboa de medición dos Indicadores de Rendición de Contas (IRC)
- Relación de todos os gastos efectuados da actividade con identificación da data, número da factura ou do documento xustificativo, identificación do emisor das mesmas, descrición do gasto e, cando proceda, co seu importe en moeda local e o seu contravalor en euros e a data e forma de pago dos mesmos.
- Informe de auditoría da conta xustificativa.
- Informe de avaliación final.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Esta subvención será compatible con calquera outra procedente doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade, sempre que o importe total das mesmas non supere o custo total do proxecto subvencionado.





Os rendementos financeiros que fosen xerados polos fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente ás actividades subvencionadas.

SEXTA.- Facultades de inspección

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

SÉTIMA.- Publicidade

Enxeñería Sen Fronteiras Galicia obrígase a incorporar de forma visible en todas as accións derivadas das actividades subvencionadas (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade e outros medios análogos) os logotipos oficiais da Xunta de Galicia, da Cooperación Galega e de Augas de Galicia, todo iso en formato duradeiro e material resistente para a debida difusión da orixe da subvención. Cando a organización financiada exhiba o seu propio logotipo, o da Xunta de Galicia, o da Cooperación Galega e o de Augas de Galicia deberán figurar co mesmo tamaño e con iguais condicións de seguridade.

OITAVA.- Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada como mínimo por un representante da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, designado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, un representante de Augas de Galicia e un representante de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia.

A Comisión Mixta ditará a súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio.

NOVENA.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.





- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.
- d) Polo desistimento de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia.

De resolverse o convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

Sen prexuízo do anterior, poderanse incluír as actuacións iniciadas dende o mes de marzo de 2024, conforme ao establecido nos artigos 2, apartado 1.b), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 2.2.b do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O prazo de execución poderá ser ampliado automaticamente ata o 30 de xuño de 2027, sen necesidade de autorización previa da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e unha vez comunicado pola entidade beneficiaria, antes do 31 de decembro de 2026, de acordo con o establecido no artigo 94.3 c) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

Poderá solicitarse unha segunda prórroga antes de que expire a primeira fundamentada en situacións ou fenómenos excepcionais e imprevisibles, como desastres naturais, enfrontamentos armados, crises humanitarias, actuacións retardatarias das autoridades locais ou outras continxencias análogas, que afecten de maneira directa á execución da actuación subvencionada, que haberán de acreditarse de forma fidedigna e sempre que non concorran circunstancias imputables á entidade beneficiaria. Nesta segunda ampliación excepcional, o novo prazo outorgarase polo tempo indispensable para facilitar que o beneficiario supere ditas circunstancias ou continxencias.

Conforme ao artigo 94.3 d) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, o prazo de xustificación da subvención será de tres meses desde a data de finalización da actuación financiada ou subvencionada, a contar desde a data de finalización da execución do proxecto, con independencia de que se supere o límite do exercicio orzamentario.

UNDÉCIMA.- Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas no prazo dun mes, previo informe ou proposta da Comisión Mixta, pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, quedando as partes suxeitas á





xurisdición contencioso-administrativa nos termos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Xunta de Galicia, de tal maneira que por este concepto non se poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

DUODÉCIMA.- Portal da Transparencia

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Reintegro por incumprimento

Se a entidade beneficiaria incorrese en falsidade ou ocultación de datos ou non acreditase, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberá proceder ao reintegro da totalidade destas en caso de incumprimento pleno, ou da parte proporcional en caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades administrativas e penais a que proceda.

Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá reintegrar a subvención nos demais supostos previstos na normativa de aplicación.

DECIMO CUARTA. - Devolución voluntaria da subvención

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, con anterioridade ao requirimento previo da Administración, a entidade beneficiaria poderá realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

Esta devolución efectuarase mediante ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia que corresponda, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e a disposición adicional terceira da Lei 1/2023, do 20 de febreiro, de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global.





A entidade beneficiaria deberá presentar, ante o órgano concedente, copia xustificativa da devolución voluntaria realizada na que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

DÉCIMO QUINTA.- Modificación do convenio

O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes a través da subscrición da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscribida polas mesmas autoridades que asinan este convenio.

DÉCIMO SEXTA. – Protección de datos

Ambas as partes comprométense a cumprir co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo ás persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Os datos persoais proporcionados polas partes á firma do presente convenio incluíranse en senllos ficheiros, cuxa titularidade corresponde a cada unha das partes. Devanditos datos persoais serán unicamente tratados co fin de posibilitar a execución do presente convenio. Os datos persoais facilitados á firma do presente convenio poderán ser cedidos a favor dun terceiro sempre que iso sexa necesario para a debida execución ou xestión do obxecto deste convenio e que desempeñe actividades análogas ás descritas no mesmo, previo consentimento por escrito por ambas as partes.

No caso de que unha das partes tivese que acceder a datos de carácter persoal que se atopen en ficheiros cuxo responsable sexa a outra parte, deberá subscribirse, previamente, un contrato de Encargado de Tratamento, en calquera caso, devanditos datos non poderán ser utilizados para finalidades diferentes ás indicadas no convenio.

A transgresión do deber de confidencialidade, así como da obrigaón de non utilizar indebidamente e de non ceder a terceiros de datos de carácter persoal, por calquera das partes ou de calquera dos seus empregados ou colaboradores, será xusta causa de resolución ou rescisión do presente convenio se así o considera oportuno a outra parte, debendo ser a parte non incumplidora resarcida por calquera dano ou prexuízo causado pola parte incumplidora.

Así mesmo, as partes non poderán subcontratar cun terceiro a realización dos compromisos obxecto do presente convenio, cando esta poida implicar o tratamento de datos persoais titularidade da outra parte, salvo que expresamente estouta parte consintao por escrito.

As partes garantirán os dereitos das persoas afectadas e adoptarán cantas medidas de seguridade, de índole técnica e organizativa, sexan necesarias para evitar a alteración ou perda dos datos persoais, así como o acceso non autorizado aos mesmos.





O titular dos datos persoais poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación do tratamento e portabilidade, respecto do tratamento do que cada parte é respectivamente responsable, dirixíndose por escrito indicando "Protección de Datos" e acreditando a súa identidade (foto-copia do DNI do interesado) nas seguintes direccións: para a parte da Xunta de Galicia en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e para Enxeñería Sen Fronteiras Galicia en <https://galicia.isf.es/>, comprometéndose en calquera caso cada parte para comunicar á outra as rectificacións ou supresións que procedan respecto dos datos persoais cedidos.

As partes non cederán a terceiros os datos persoais dos asinantes salvo que a lei así o estableza. Así mesmo, os afectados quedan informados de que, se consideran que non se trataron os seus datos persoais de acordo coa normativa de protección de datos, poden contactar co Delegado de Protección de Datos da respectiva parte, se así fóra, nas seguintes direccións: para a parte da Xunta de Galicia en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e para Enxeñería Sen Fronteiras Galicia en <https://galicia.isf.es/>. Igualmente, poderán presentar unha reclamación ou solicitude relacionada coa protección dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

DÉCIMO SÉTIMA.- Medidas antifraude

1. É de aplicación a este convenio o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que pode consultarse na seguinte ligazón: <https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/plans/antifraude/presidencia-xustiza-deportes/plan-antifraude-CPXD-2023.pdf>
2. É de aplicación a este convenio o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que pode consultarse na seguinte ligazón: https://augasdegalicia.xunta.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-augas-degalicia/plans/resto_plans/PlanMedidasAntifraudeAugasdeGalicia.pdf
3. Augas de Galicia empregará como canle de denuncias o sistema posto en funcionamento, a disposición da cidadanía, a partir do 1 de xaneiro de 2022, no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES), onde os cidadáns poden denunciar calquera irregularidades ou condutas de fraude.

A presentación de denuncias nesta canle, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

A canle, ademais da cidadanía, poderá ser utilizada polos empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na





canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

No punto de acceso electrónico á canle de denuncias, situado en SIACI, figurará unha declaración da Xunta na que constará expresamente que, con independencia da necesaria identificación electrónica para a presentación da denuncia, os datos serán tratados anonimadamente mediante tecnoloxías de información para garantir a indemnidade da persoa denunciante e evitar calquera tipo de eventual represalia sobre ela, en termos semellantes aos establecidos na directiva europea

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.

3. A investigación e tratamento das denuncias presentadas axustarase ao disposto nos puntos 2.3.2 e 2.3.3 do Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia.

DÉCIMO OITAVA.- Normativa aplicable

O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, no Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 e demais normativa que sexa de aplicación.

E, en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase electronicamente polas partes na data indicada.

POLA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES
O CONSELLEIRO

POR AUGAS DE GALICIA,
A PRESIDENTA

Diego Calvo Pouso

Ángeles Vázquez Mejuto

POLA ASOCIACIÓN ENXEÑERÍA SEN FRONTEIRAS GALICIA
O PRESIDENTE

José Antonio González Novoa





ANEXO

OBXECTIVO ESPECÍFICO: Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos con enfoque de conca en Mozambique, con énfase nos eventos extremos.

Resultado 1: Desenvolvidas e implementadas metodoloxías para o monitoreo da seca e a análise continuada de precipitacións.

Actividade 1.1. Extensión da metodoloxía de monitoreo nas ARAs Norte e Centro.

Actividade 1.2. Realización de accións formativas e creación de capacidades sobre o monitoreo da seca.

Actividade 1.3. Acompañamento na implementación da metodoloxía de monitoreo da seca e revisión de resultados e análise.

Actividade 1.4. Elaboración dun documento de síntese coa análise de seca e precipitacións nas épocas seca e húmida para todo o territorio de Mozambique

Actividade 1.5. Seguimento do control do estado diario do almacenamento do embalse do Locumue.

Resultado 2: Mellorados o coñecemento en relación aos eventos de precipitacións extremos.

Actividade 2.1. Análise hidrolóxica hidráulica de inundacións en concas piloto.

Actividade 2.2. Diagnóstico de accións técnicas para a análise de inundacións nas ARAs.

Actividade 2.3. Visita a Galicia dunha persoa responsable do departamento de recursos hídricos da ARA Centro.

Resultado 3. Sensibilizada a poboación de Galicia sobre a problemática da seca.

Actividade 3.1. Sensibilización sobre a realidade mozambicana.

Actividade 3.2. Talleres técnicos relacionados coa análise de eventos extremos en Mozambique.

FINANCIAMENTO

	Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes			Augas de Galicia		
	2024	2025	2026	2024	2025	2026
Persoal				34.600	47.400	48.500
Viaxes e dietas	1.000	10.000	1.000	13.721	15.100	14.000
Servizos Técnicos	25.000	40.000	45.000			
Avaliación final			4.000			
C. de Xestión				8.257	12.500	12.500
Total	26.000	50.000	50.000	56.578	75.000	75.000
TOTAL	126.000			206.578		

